

VIII. Apertura de proposicións.

Terá lugar ás trece horas do seguinte día hábil ó da conclusión do prazo para a presentación de proposicións.

IX. Modelo de proposición.

O que figura recollido na cláusula novena do prego de cláusulas administrativas particulares.

X. Gastos.

Serán por conta do adjudicatario os gastos previstos nas cláusulas décimo sétima do citado prego.

Arzúa, 14 de maio de 2003.

Manuel Moscoso López
Alcalde

CONCELLO DE CAMBADOS*Edicto.*

Elevado a definitivo o acordo de modificación por corrección de erro, na ficha do Plan Especial do Conxunto Histórico correspondente ó edificio situado no número 48 da rúa Hospital, aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión do 27-12-2002, a devandita ficha queda redactada no sentido de permitirla adición de dúas plantas, ata chegar ás tres plantas de altura tipo correspondente ó cuarteirón C-32. O que se fai público para os efectos do disposto no artigo 48 da Lei 1/1998, en relación coa letra d) do artigo 8 da Lei 7/1995.

Cambados, 10 de xuño de 2003.

Rosa Oubiña Solla
Alcaldesa accidental

CONCELLO DE MONTERROSO*Anuncio de licitación.*

1. Entidade adjudicadora: Concello de Monterroso.

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición: concesión do servizo de explotación do vertedoiro de residuos da construción.

b) Lugar de execución: Cumbraos. Monterroso.

c) Prazo de execución: ata a saturación e selaxe do vertedoiro cun máximo de 25 anos.

3. Tramitación, procedemento e forma de adjudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma de adjudicación: concurso.

4. Orzamento base de licitación.

A retribución do concesionario será o importe das tarifas cobradas ós usuarios, nas condicións que se establecen na ordenanza fiscal reguladora desta e na base XII do prego de condicións.

5. Garantías.

a) Provisional: non se esixe.

b) Definitiva: 6.010,12 euros.

6. Obtención de información: Concello de Monterroso-Praza de Galicia 1. Teléfono: 982 37 70 01-Fax: 982 37 76 17.

a) Data límite para obtela: ata que remate o prazo de presentación de ofertas.

7. Requisitos específicos do contratista.

a) Clasificación: non se esixe.

b) Solvencia económica financeira e técnica: será acreditada polos medios que se establecen na base décimo sétima, parágrafos 7 e 8 (sobre A).

8. Presentación de ofertas.

a) Data límite: o décimo quinto día natural seguinte ó da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia* e no BOP de Lugo, tomando como data para o comezo do cómputo o seguinte ó da derradeira publicación que se produza.

b) Documentación que integrará as ofertas:

-Sobre A: denominado «proposición económica e técnica», comprenderá todos e cada un dos documentos que se sinalan na base 16.2.

-Sobre B: denominado «documentos xerais» comprenderá a documentación que se sinala na base 16.2, parágrafos 1 ó 9 respectivamente.

-Sobre C: comprenderá a proposición económica segundo o modelo que se establece na base décimo sétima.

c) Lugar de presentación: rexistro xeral do Concello de Monterroso. Praza de Galicia nº 1. C.P. 27560 Monterroso (Lugo).

d) Prazo durante o que o licitador estará obrigado a mante-la oferta: un mes contado desde a data en que remate o prazo de presentación das ofertas.

9. Apertura de ofertas: na Casa do Concello de Monterroso o quinto día hábil seguinte ó que remate o prazo de presentación, ás doce horas.

10. Gastos dos anuncios: será por conta do adjudicatario o aboamento de cantos anuncios se publiquen con ocasión deste contrato.

Monterroso, 21 de maio de 2003.

Antonio Edelmiro Gato Soengas
Alcalde-presidente